

FOANPAS, unha vez coñecida e analizada a proposta de zonificación remitida por Inspección Educativa, expresa o seu rexeitamento á mesma e solicita a paralización da súa tramitación.

Expoñemos, a continuación, as razóns que sustentan o desacordo coa proposta elaborada pola comisión técnica.

I) ESTABLECEMENTO DE ZONAS ESCOLARES

A importancia da configuración da zona escolar vén determinada porque non só é unha delimitación xeográfica ao acceso ás prazas de cada centro educativo. Supón, ademais, no caso dos centros públicos, unha limitación dos servizos complementarios que ese centro educativo pon á disposición do alumnado: unha familia pode solicitar unha praza escolar nun centro que non se integre na zona que lle corresponde, pero non terá dereito, por exemplo, ao transporte escolar. Constitúe, polo tanto, unha zonificación de servizos e así, globalmente, é como tecnicamente debemos entendela.

As zonas escolares, tal e como son contempladas na proposta que rexeitamos:

- Limitan a liberdade de elección de ensino para as familias, xa que non garanten a posibilidade de elección de ensino público nalgunha das zonas establecidas.
- Son incompatibles co principio que a propia comisión define como determinante na elaboración do borrador: achegar a periferia ao centro da cidade na procura dun equilibrio nas ratios escolares.

En xeral, a disposición proposta das zonas escolares (unha zona que integra unicamente o centro da cidade, o seu núcleo urbano, e tres zonas que se reparten o resto do territorio, arredor do núcleo) é contraria ao devandito principio establecido. É contraria e incompatible.

En concreto, entrando na valoración particular das catro zonas propostas:

A denominada zona 1, é unha área de natureza urbana que coincide co que podemos denominar centro da cidade. Nesta zona non hai oferta de prazas en centros de titularidade pública suficiente para garantir a liberdade de elección. Padece o mal endémico da escaseza de postos escolares públicos nas zonas máis céntricas da cidade. As familias destas zonas que, no momento de incorporar aos seus fillos e fillas á vida escolar, desexaban optar polo ensino público, víanse obrigadas a desprazarse a outras

áreas da cidade con máis dispoñibilidade de prazas e de centros públicos. Esa discriminación vese incrementada por esta proposta de zonificación porque impide exercer esa posibilidade ao limitar o servizo de transporte escolar a percorridos dentro de cada unha das zonas escolares.

Na denominada zona 2, intégranse centros públicos con escaseza de alumnado. Estanse a ofertar un número de unidades de ensino público moi inferior á capacidade real existente nos centros. As diferenzas na densidade de poboación dentro da zona teñen o seu reflexo na diferente ocupación dos centros educativos de titularidade pública, existindo na actualidade unha relación, na maioría dos casos, directamente proporcional entre a ocupación do centro educativo e a densidade da poboación da área na que se ubica, sendo o transporte escolar o elemento diferenciador na dinámica actual destes centros: os que dispoñen de transporte vense afectados pola baixa densidade de poboación en menor medida que os que non teñen este servizo complementario. As características xeográficas e poboacionais da zona, unida á ubicación na mesma dos centros educativos públicos está a provocar un descenso da matrícula que ten que ser combatida dende a Administración mediante a potenciación destas infraestructuras, dotándoas de servizos complementarios. É obriga da Administración potenciar estes centros, mediante a dotación dos servizos necesarios. Todos os centros públicos deben contar con transporte escolar e servizo de comedor para todas as familias que así o precisen. Negar estes servizos aos centros públicos supón condenalos á extinción.

A denominada zona 3 é un cinto periurbano que descorre paralela ao núcleo de poboación da cidade. Engloba a meirande parte das parroquias máis rurais na nosa cidade. Esta zona da periferia non se achega á cidade, en contra do principio establecido pola propia comisión. Nesta zona intégranse, ao igual que na zona 2, algúns centros educativos que tradicionalmente viñan tendo parte do seu alumnado entre as familias residentes no núcleo da cidade (familias que, como xa expresamos, queren exercer o seu dereito a optar a unha praza de ensino público).

Por último, a denominada zona 4 é a única que combina no seu territorio "cidade e periferia". A única que respecta ese principio. Pero nesta zonaponse de manifesto, desde o noso punto de vista, a discriminación que sinalaremos no seguinte punto e que orixina que escolares que proveñen dun centro público de primaria, se vexan na obriga de desprazarse máis de 10 km. de distancia a cursar os seus estudos da ESO, aínda que teñen 3 centros públicos de secundaria moi próximos aos seus domicilios (dous deles a menos de 1 km).

II) PRIORIDADE NA ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

Como xa temos posto de manifesto en moitas ocasións, os centros públicos de secundaria máis próximos ao núcleo de poboación, os mellor comunicados por medio de transporte público, presentan unha pirámide de poboación estudiantil invertida. É dicir, ofertan unha maior cantidade de unidades para cursar bacharelato que para cursar a ESO.

Isto non suporía un problema se non implicase un desprazamento obrigado de escolares que, provintes de sexto curso en centros públicos de primaria, desexan continuar os seus estudos de ESO en centros públicos de secundaria. É dicir, un alumno con residencia próxima ao seu centro escolar de primaria vese obrigado a desprazarse a kilómetros de distancia para cursar a ESO porque os institutos máis próximos non dispoñen de máis espazo na ESO ao dedicalas ao Bacharelato que recolle a demanda dos centros educativos concertados. Aquí radica una clara discriminación do ensino público fronte ao concertado.

Somos conscientes de que existe unha realidade social integrada por unha parte do alumnado que, cursando toda a súa etapa educativa anterior en centros concertados, decide cambiarse a centros públicos no momento de cursar o bacharelato, con todo o seu dereito. Non cuestionamos este dereito, de ningún xeito. Pero fronte a esta realidade social, existe outra: a dos escolares que xa desexan, tamén con todo o seu dereito, cursar os seus estudos, xa dende a ESO, neses centros públicos máis próximos.

Nesta proposta de zonificación, cal das dúas realidades recibe resposta por parte da Administración? Cal é o criterio?

Nós defendemos un criterio de igualdade. Unha adscripción xusta. Todos os escolares deben cursar os seus estudos coa maior proximidade posible. Pero a realidade prioritaria, respecto da proximidade debe ser a segunda, a dos escolares que entran a cursar a ESO fronte á dos que se cambian de centro en bacharelato. Por dúas razóns básicas que, ao noso entender, hai que ter en conta:

- En primeiro lugar, son catro anos máis novos.
- En segundo lugar, cursan estudos obrigatorios.

Por adscripción xusta entendemos, por todo o exposto, a seguinte:

- Os centros públicos de secundaria, ao igual que o fan os concertados, deben recoller a todo o alumnado que poidan atender dende o primeiro curso da educación secundaria, 1º ESO, etapa que é obrigatoria na educación. Por

suposto, a continuación, ofrecerán o bacharelato nas mellores condicións e coa máxima oferta e optatividade para o seu alumnado que provén da ESO.

- Os centros públicos de Educación Primaria e os centros concertados que non ofertan ESO, deben ser adscritos aos centros públicos de secundaria atendendo ao criterio de proximidade.
- Os escolares que desexan cambiar de centro, dun centro público a outro, dun centro concertado a un público ou dun centro concertado a outro, deben optar ás prazas que, de xeito libre, se ofrecerán unha vez atendida a demanda dos adscritos e do alumnado propio.

En aras do reparto xusto de prazas escolares que defendemos, rexeitamos a adscripción establecida ao CEIP Alfonso D. Rguez. Castela, na denominada zona 4. Os escolares deste centro público de primaria ven dous centros de secundaria dende as súas fiestras. Son un total de tres centros de secundaria os que están próximos aos seus domicilios. Non existe, ademais, conexión directa por transporte público entre o barrio de Navia e o centro de adscripción, en Valadares. Rexeitamos que sexan trasladados a máis de 10 km. das súas casas por non abordar, no proxecto de zonificación, o agravio comparativo actual que supón que centros públicos de secundaria destinen espazo a acoller a demanda de Bacharelato de alumnado que provén de centros concertados en vez de aumentar a dispoñibilidade de prazas na ESO que permitan adscribir centros públicos de primaria.

III) ARBITRARIEDADE NA APLICACIÓN DE CRITERIOS

Os criterios anunciados polas autoridades en materia educativa e expostos pola comisión técnica son, en moitos casos, incompatibles: proximidade, equilibrio nas ratios de alumnado, achegamento dos centros da periferia ao núcleo da cidade, minimización e racionalización do transporte ...

Cando nun proceso de decisión nos atopamos ante criterios diverxentes ou incompatibles, ten que haber, por necesidade, algunha prioridade entre criterios. Esa prioridade é inexistente na proposta que se nos presenta. Os criterios son aplicados de xeito arbitrario e de forma distinta segundo sexa a zona educativa da que falemos. Na zona 4, incúmrese o principio de proximidade e o de minimización e racionalización do transporte a favor do achegamento dun centro da periferia a un núcleo de poboación. Noutras zonas incúmrese o achegamento (aínda que existan centros con escaseza de alumnado que o precisaría) a favor da minimización do transporte. Para a coherencia na súa aplicación.

CONCLUSIÓN

Rexeitamos a proposta presentada pola comisión técnica por considerala arbitraria, inxusta e discriminatoria para o ensino público na nosa cidade. Non aceptamos a discriminación do ensino público.

Non aceptamos a delimitación de zonas escolares e delimitación de servizos establecida na proposta. Certamente, recoñecemos a necesidade de racionalizar e minimizar o transporte na medida do posible, pero para iso é preciso delimitar zonas escolares que garantan a liberdade de elección e a dotación dos centros públicos. As zonas, tal e como están establecidas, non garanten ningún destes principios. A proposta non aborda os defectos sistémicos e estruturais que padecemos e que, na nosa opinión, poñen en perigo a supervivencia dos proxectos educativos en algúns dos centros de titularidade pública da nosa cidade a curto ou medio prazo. De feito, a propia proposta xa inclúe o recorte do proxecto educativo do IES de Teis.

Non aceptamos a adscripción establecida na proposta para o CEIP Alfonso D. Rguez. Castela.

Sabemos que existen alternativas máis xustas á presentada pola comisión. Todas as ANPAS reunidas en FOANPAS así o consideramos. Corresponde á Inspección Educativa elixir entre elas a que mellor responda aos intereses de todos os escolares da nosa cidade. Pedimos a paralización da tramitación deste borrador, en tanto non se acade o consenso necesario dentro da comunidade educativa. Agora mesmo é inexistente e, con esta proposta, imposible de acadar.

Por último, poñémonos ao servizo da Administración educativa para participar nos foros que considere convenientes para abordar conxuntamente, dun xeito máis reflexivo e participativo, unha cuestión tan complexa como é a zonificación escolar na cidade de Vigo.